

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa aos incumprimentos dos gobernos do PP atinxentes a garantir a as condicións das poxas para o servizo de interrumpibilidade do subministro eléctrico e definición dun modelo enerxético galego social e sustentable.

Exposición de motivos

O progresivo retraso na celebración da poxa polos incentivos para as grandes empresas consumidoras de enerxía que en principio ía ter lugar antes do verán e que agora semella que se podería retrasar ate despois de setembro non apunta boas novas para o sector.

O desleixo dos gobernos do PP ao desatender as condicións nas que as empresas industriais que consumen grandes cantidades de enerxía poidan acceder a ela con prezos axeitados e a estratexia de Alcoa a nivel global para desenvolver outras liñas de negocio e non realizar os investimentos axeitados na planta de A Coruña supoñen unha perigosa ameaza para o emprego e a continuidade da actividade industrial na capital herculina.

A pantasma da deslocalización planea cada ano sobre esta actividade económica sen que o goberno do PP defina un sistema de prezos que entregue estabilidade a esta actividade industrial e ao emprego asociado tanto directo como indirecto.

Para o inmediato, cómpre modificar o sistema de poxa no que atinxe ao seu ámbito temporal e á oferta de megawatios, porque as poxas cunha periodicidade anual non son o período idóneo para definir investimentos, outrosí da necesaria garantía – que non temos – acerca da oferta suficiente de bloques de maneira que ningunha fábrica reste excluída.

Preservar a industria – segmento productivo definidor de produtos de maior valor engadido e xerador de empregos de maior cualificación – esixe que as admsitracións públicas definan e implementen un novo modelo enerxético, caracterizado pola súa condición de sustentable e social, e que responda cun retorno axeitado ao contributo que realiza Galicia no eido enerxético, cunha produción que supón impactos ambientais severos e unha exportación de ao redor do 40% do total de enerxía producida no noso país.

A administración ten que acordar unha política de prezos que garanta o mantemento desta actividade industrial no noso país cunha esixencia á multinacional dun plan de investimentos que rebaixe o consumo de enerxía, as emisións e fomenta o emprego.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar diante do goberno central e coa empresa Alcoa aquelas medidas que conquiran melloras no sistema da poxa, tanto no aspecto temporal da oferta canto da contía dos bloques da mesma.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que impulse as medidas conducentes, en relación coa empresa Alcoa, a garantir o emprego na súa planta da Coruña.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que fomenta a implementación por parte da empresa Alcoa dun plan de investimentos que favoreza o aforro enerxético, a rebaixa das emisións contaminantes e o desenvolvemento da actividade produtiva no noso país.
- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a desenvolver as actuacións pertinentes para a redefinición dun sistema enerxético galego social e sustentable.

En Compostela, a 25 de agosto do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 25/08/2015 13:35:10